



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE 2023, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente : D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO  
Concelleiros/as D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO  
D<sup>a</sup>. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA  
(Intervención telemática) D<sup>a</sup>. DIANA VARELA BARREIRO  
(Intervención telemática) D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ  
D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ  
D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ  
D<sup>a</sup>. YOLANDA VIEIRO CEBEIRO  
D. XESÚS CASTRO BLANCO  
D<sup>a</sup>. MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES  
D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede de actas de sesións anteriores (30/11/2023)**

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 30/11/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal para o exercicio 2024.**

Ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 18 do Real decreto 500/1990.

Vista a documentación que obra no expediente 2023/T004/000001 que contén o proxecto de Orzamento do Concello de Vedra para o exercicio 2024, propónse ao Pleno a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento do Concello de Vedra para o exercicio 2024 por importe de 5.671.912,00 euros de créditos iniciais no estado de gastos, e de 5.771.912,00 euros de previsións iniciais no estado de ingresos, quedando inicialmente en situación de superávit na cantidade de 100.000,00 euros, así como toda a documentación e anexos que compoñen o expediente, asignándose a cada un dos capítulos de acordo co seguinte:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



### Estado de gastos

CAPÍTULO		IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.674.449,00 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	3.035.230,00 €
3	Gastos financeiros	32.500,00 €
4	Transferencias correntes	163.930,00 €
5	Fondo de continxencia	0,00 €
6	Investimentos reais	709.803,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	15.000 €
9	Pasivos financeiros	41.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>5.671.912,00 €</b>

### Estado de ingresos

CAPÍTULO		IMPORTE
1	Impostos directos	1.409.500,00 €
2	Impostos indirectos	60.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	822.069,78 €
4	Transferencias correntes	2.944.282,00 €
5	Ingresos patrimoniais	360,00 €
6	Alleamento de investimentos	0,00 €
7	Transferencias de capital	520.700,22 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>5.771.912,00 €</b>

Segundo: Aprobar o cadro de persoal do concello de Vedra para o 2024.

Terceiro: Expor o orzamento do concello e o cadro de persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen pertinentes.

Cuarto: O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contando a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitivo.

Quinto: En cumprimento do previsto no artigo 21.6 do Real decreto 500/1990, o orzamento definitivo que se aprrobe para o ano 2024 terá o seus efectos dende o 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.



A Presidencia di que son uns orzamentos que teñen unha previsión de ingresos e gastos moi realista. Fan unha previsión de ingresos realista para saber con certa seguridade os ingresos que van ter para poder afrontar as posteriores obrigas que teñen como concello e a partir de aí realizar o orzamento de gastos.

Nos gastos non quixeron afinar non só no tema de ter en conta os incrementos do IPC, dos custes das subministracións, do incremento dos custes dos servizos, das obras, etcétera, senón que tamén teñen que prever que vai haber unhas novas adxudicacións de servizos importantes (escola infantil, SAF) que supoñen uns incrementos importantes dos custes e xa están previstos no orzamento, así como o incremento en temas como a recollida do lixo.

Non foron fáciles de elaborar porque a primeira limitación que hai son os ingresos. A todo isto hai que sumar o que se comprometeron a facer, a redución do remanente negativo real duns 400.000 € e facelo cuns 100.000 € ao ano ao longo da lexislatura. Para iso era de obrigado cumprimento aprobar este orzamento cun superávit duns 100.000 €, que é un dos obxectivos que cumpre este orzamento e obrígaos a ser máis disciplinados ca nunca na execución deste orzamento.

O outro gran obxectivo é reducir o remanente negativo mantendo absolutamente todos os servizos que se prestan, todas as axudas e subvencións. Teñen o compromiso de manter todo iso e non recortar nin reducir nada.

O capítulo que fai referencia a servizos sociais supón case o 30% do orzamento.

Por outro lado é certo que os orzamentos e a execución final do orzamento son temas diferentes, por iso hai partidas que agora non aparecen pero que se van acabar xerando, tanto en ingresos como en gastos. Por exemplo no tema de fomento de emprego, onde agora non aparecen RISGA, APROL, PEL, etcétera, pero saben que van vir, e cando os concedan incorporárase ao orzamento tanto o ingreso como o gasto.

No capítulo de inversións, aproximadamente 700.000 €, teñen a intención de que cando se peche o ano contable 2024, esa cifra sexa superior. Hai obras e inversións que van estar condicionadas por inversións específicas que serán incorporadas tan pronto as concedan. Unha das necesidades básicas, que é a reparación de pistas municipais, queda reflectida nos orzamentos tanto coa aprobación de plans de asfaltado específicos como coa actuación da brigada municipal e o incremento desa partida.

Tamén consta como inversión, e xa está falado co AGADER, o remate do obradoiro en San Mamede; o parque infantil en San Xián, que estará para o curso 2024/2025 executado en base a subvencións correspondentes a este tipo de infraestruturas; así como a realización da primeira fase da reparación do centro de saúde no 2024.

Poden botar en falta temas relacionados co abastecemento e a rede de sumidoiros, pero son obras que xa se incorporarán ao orzamento. De feito, no abastecemento hai un proxecto que irá no POS complementario que é o abastecemento a San Miguel e a Picón (Vilanova), que se pretenden iniciar o máis pronto posible. No caso da rede de sumidoiros, a obra de Fontao xa está adxudicada e agora vaise encargar a seguinte fase que é a zona centro de Vedra.

Obviamente en moitos dos seus aspectos, son orzamentos continuístas.

Votar a favor por parte da oposición, ao mellor politicamente non é entendible, pero solicita a abstención para que se poidan executar o máis pronto posible.



O Sr. Pose, do BNG, di que a Presidencia acaba de recoñecer que son continuístas e realmente son idénticos aos dos últimos doce anos, e o resultado deses doce anos son estradas nun estado pésimo, abastecemento e saneamento incompletos, a punto de baixar dos 5.000 habitantes e unha débeda de 2.000.000 de euros.

Gustaríalle que recollera un informe do interventor da avaliación do cumprimento de estabilidade orzamentaria, na páxina cinco dentro do capítulo de sostibilidade financeira no cadro de resumo dos cumprimentos dos límites de Vedra, no que figura unha débeda de 1.999.975, 22 €.

Planificaron un orzamento cun superávit de 100.000 € obrigados para ese remanente negativo que creou o equipo de goberno do PP. Bota en falta como van facer cos 150.000 € que caerán do orzamento municipal se Vedra baixa dos 5.000 habitantes en 2025: ou os 50.000 € que haberá que devolver á Deputación. O superávit do orzamento non chega para o vai vir. Hai erros como non revisar o pago anual a Ferrovial duns 190.000 € de consumos eléctricos. Esa revisión é á baixa.

Non existen partidas para a realización do proxecto do centro de día, sendo unha das promesas estrela da campaña electoral do PP, e recórdalle que tanto o BNG como o PSdeG-PSOE solicitaron o proxecto básico.

O patio de xogos da escola de San Xián incorpóranos no apartado de medio ambiente en vez de no capítulo de educación e chámanlle “parque infantil”. Ten a sensación de que están preparándolle o camiño para que a familia faga unha reclamación sobre o proceso de expropiación, que estaba pensado para dotar dun patio de xogos á escola de San Xián e están presupostando un parque infantil. Recomendalle que modifiquen esa partida e a pasen a educación e lle chamen “patio de xogos da escola de San Xián”.

Dedican novamente 200.000 € á rehabilitación do centro de saúde. Se os orzamentos son continuístas e o ano pasado eliminaron eses 200.000 € para o centro de saúde, pregunta cal é a razón pola que este ano non van facer o mesmo.

Pregunta a que se destinan 2.700 € que aparecen como axudas a custo no apartado de órganos de goberno.

Di que votarán en contra porque son uns orzamentos continuístas e o resultado ata agora é nefasto.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que son uns orzamentos tecnicamente impecables nos que bota en falta iniciativa política. Son continuístas e non dan resposta aos retos estratéxicos do territorio.

Están claramente condicionados pola falta de capacidade para arrincar compromisos relevantes tanto da Xunta de Galicia como do Estado e para acadar inversións transformadoras para uns orzamentos que despois de tantos anos de goberno seguen sen facer unha aposta prioritaria para impulsar infraestruturas transformadoras que son fundamentais para o desenvolvemento sostible do concello.

O abastecemento e o saneamento son necesidades básicas que seguen chegando aos poucos. Son uns orzamentos totalmente condicionados polas débedas que non permiten ningunha manobra máis que condicionar os fondos para saldar o que se debe.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Teñen feito grandes e sonoras promesas para inversións neste concello que se acaban diluíndo en excusas de dificultades e de xestión. Manifestan pouca habilidade para conseguir recursos e unha vez máis o condicionante é a débeda.

Pregunta que vai pasar coa miniresidencia tan pregoada e esperada.

É inxusto para os veciños que van ter que paga unha subida de varias taxas non ver os froitos deses cartos porque se van destinar a pagar débeda existente.

Insta ao equipo de goberno a que priorice os intereses e demandas dos veciños de Vedra e que arrinque compromisos coa Xunta de Galicia e o Goberno para acadar inversións no concello. Espera que este ano se invistan os 200.000 € no centro de saúde.

A Presidencia respóndelle á voceira socialista que Vedra está nesa gama de moitos concellos rurais que teñen os ingresos que teñen e que se teñen que manexar con eles. Quere recordar que son continuístas porque son os orzamentos do grupo de goberno que leva 12 anos gobernando e fóronos adaptando ás políticas que querían facer, fundamentalmente a protección das persoas.

Vedra é un dos concellos que máis servizos e cartos destina ás persoas, como demostra que veciños de concellos limítrofes asisten a servizos que presta Vedra porque non os teñen nos seus concellos. Obviamente esa aposta ten o seu custe económico.

Recoñece que lle gustaría ter avanzado máis en abastecemento e saneamento, pero son obras complexas e custosas. Cre que avanzaron moito e a porcentaxe de persoas que poden acceder a eses servizos aumentou considerablemente. A súa intención é seguir avanzando.

Está de acordo en que unha das obrigas do grupo de goberno é facer presión a outras administracións para conseguir fondos para realizar inversións transformadoras e niso traballan arreo independentemente de se teñen éxito ou non.

Respecto ao centro de saúde, di que en todos os orzamentos de todas as administracións públicas gobernadas por calquera partido hai movementos de partidas e pasan orzamentos dun ano para outro. Están tratando de conseguir o máximo financiamento da Xunta de Galicia para o centro de saúde. Non é unha obra fácil de executar e seguir prestando o servizo, pero teñen como obxectivo executar en 2024 esa primeira fase de reparación de toda a estrutura existente e algunhas cuestións solicitadas polo persoal do centro en relación á distribución de espazos. O custe vai estar máis preto dos 400.000 € ca dos 200.000 €.

Por outra banda, recórdalle ao voceiro do BNG que cando entraron no 2011 no goberno municipal había un remanente negativo de -500.000 €. Foron capaces, nun contexto de crise económica e de restricións orzamentarias, de saír adiante mantendo todos os servizos.

En canto ao tema de Ferrovial, di que os axustes que hai que facer contan por contrato dende o mes de agosto, e regularízanse xa neste ano.

Respecto ao parque de San Xián, recoñécelle unha imaxinación desbordante. Non vai suceder nada relacionado coa expropiación.

En canto aos 2.500 € refírense aos gastos anuais que se poden ter en desprazamentos relacionados coa FEMP, que despois compensa o 60 %.

Entende que a oposición teña outros orzamentos. Son uns orzamentos realistas nos ingresos e gastos, coa intención de garantir todos os servizos e executar as obras presupostadas e coa



intención de conseguir máis fondos para que o capítulo de inversións a finais de ano sexa superior aos 700.000 € presupostados.

O Sr. Pose, do BNG, di que non lle parece serio que despois de 12 anos lle bote a culpa do remanente negativo de tesourería a Odón, porque en 12 anos conseguiron reduci-lo en 100.000 €. Cre que para cambiar algo terán que facer algo diferente, uns orzamentos diferentes. O seu grupo votará en contra.

A Presidencia responde que non lle botou a culpa a ningún. Só dixo que cando entraron no 2011 había un remanente negativo de 500.000 € que foron capaces de resolver e agora volverán a facer o mesmo.

Posto a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

### **3º.- Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024/2026.**

Ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións que establece que os órganos das administracións públicas ou calquera ente que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e a súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Considerando que o concello dirixe unha parte significativa do seu orzamento á concesión de subvencións co obxecto de fomentar o desenvolvemento cultural, deportivo social e económico do concello, especialmente cooperando coas entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa labor no noso territorio, e visto a documentación que obra no expediente 2023/A013/000001 propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Vedra para o período 2024-2026 de acordo coa redacción que se achega como Anexo.

Segundo.- Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para xeral coñecemento así como na páxina web municipal ([www.concellodevedra.es](http://www.concellodevedra.es)) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>).

A Presidencia di que é unha declaración de intencións que se pode ir adaptando e cambiando a medida que varíen as circunstancias.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

### **4º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo Grupo Municipal do BNG sobre os cultivos de viñedo de forma intensiva.**

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG na que expoñen que unha recente creada plataforma do val do Ulla vén alertando do problema que se vai derivar da conversión de grandes extensións de terreos deste val en cultivos de viñedo de forma intensiva, que supón a tala de grandes masas de bosques autóctonos, incluso bosques de ribeira, eliminando así o papel ecolóxico que cumpren estes bosques, a eliminación de terras agrarias reducindo a súa dispoñibilidade para a explotación agrogandeira co consecuente incremento do seu prezo, así como o aumento do consumo de auga para o regadío destes cultivos.



Ademais este cultivo extensivo tamén vai supor o uso de enormes cantidades de fitosanitarios para o seu tratamento, que se espallarán polo aire acumulándose nas augas, no solo e afectando tamén ás persoas e animais máis próximos.

Estamos, en definitiva, ante un modelo de produción do que se van a beneficiar exclusivamente as grandes bodegas e que está moi lonxe do modelo agrario presente na zona que combina viñedos con bosque e con pastos e terreos para forraxe, moito máis sostible, menos contaminante, xerador de riqueza na zona e fixador de poboación.

Por todo iso solicitan do pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Pleno do concello de Vedra traslada o seu apoio aos veciños e veciñas do Val do Ulla nas súas demandas para que de facerse novas plantacións de viñedos estas se fagan de maneira ordenada e respectando os seus medios e modos de vida.

2º.- Calquera informe que se solicite para o cambio de usos de solo forestal a agrario para plantación de viñedos de forma intensiva no concello de Vedra será obxecto dun estudo rigoroso polo goberno municipal.

3º.- Este estudo incluírá os efectos que se poidan derivar de dito cambio (ambiental, económico, sinérxico...), e garantirá que se respecten as masas de bosques autóctonos, a protección das contornas dos núcleos rurais e vivendas e das explotacións agrarias ecolóxicas ou sostibles, as brañas, humidades e zonas de ribeira dos cursos fluviais, así como a aceptación social de dito proxecto.

O Sr. Castro, do BNG, di que como técnico de fitosanitarios e glifosatos a nivel profesional ten que realizar un curso anual e que o que lle din os técnicos da Xunta de Galicia é que dende Vila de Cruces a Pontevea, dentro duns anos cando estea en plena produción todo o que se está a facer, vanse botar cantidades inxentes de glifosatos e pesticidas á terra. Os pesticidas da viña son os máis perigosos que existen no mercado porque son tratamentos de síntese manipulados.

O Sr. Pose, do BNG, di que esta moción non a presenta o BNG, senón que pertence á Plataforma en defensa do Val do Ulla.

No tema dos viñedos existen 3 vertentes.

Estase ocupando terreo forestal. Están facendo un cambio de uso de terreo forestal a agrícola e xérase a través dun fraude de lei que se fomenta dende o PP, dende as institucións para acadar a conversión das áreas afectadas en terreo barato para a implantación destas explotacións:

A lexislación do Solo de Galicia, aprobada polo PP de Galicia permite realizar cambios de uso do terreo polo procedemento abreviado, cando a extensión non pasa dun tamaño determinado, polo que as empresas mercan terreo forestal en minifundio e solicitan o cambio de uso parcela a parcela para non realizar estudos de impacto ambiental que permitiría o control das actuacións por axentes externos.

As solicitudes para a realización de movementos de terras nos concellos son manifestamente deficientes e ficticias. En todos os casos recóllense movementos de terras inferiores aos 40 cm, o que é absolutamente falso (profundidades superiores necesitarían de estudos de impacto ambiental e proxectos máis complexos). En todos os casos concellos como os de Vedra aproban as licencias para realizar os movementos de terras, sen revisar no momento da execución se o proxecto se está a cumprir.

Por outro lado están os problemas medio ambientais e a saúde humana que xeran estas explotacións.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Os problemas á saúde humana que xera a especificidade do cultivo non é comparable en ningún caso aos cultivos de proximidade que fan os veciños.

Segundo os propios técnicos da xunta, a partir do ano 2027, no caso de quedarse a extensión tal e como está, nos 25 anos que ten de vida útil una explotación extensiva de viñado, en Vedra verteranse un millón e medio de litros de glifosato. As consecuencias da utilización do glifosato están perfectamente estudadas polos gobernos latinoamericanos, onde as multinacionais agrícolas americanas levan anos traballando e son causa de múltiples enfermidades.

Fai entrega ao pleno de tres copias de enfermidades producidas pola aplicación destes produtos.

O glifosato é soamente un exemplo, existen infinidade de sistémicos e outros fitosanitarios, neurotóxicos que empregan estas explotacións. Sen entrar na facilidade que presuntamente teñen para trampear os libros de rexistro, concentrar a aplicación, ou mercar produto sen control.

Os problemas medio ambientais que xera a implantación no territorio a través dun fraude de lei evidente que evita a realización de estudos de impacto ambiental, permitindo a eliminación de masas boscosas protexidas, o avance sobre bacías fluviais sen ningún control (a contaminación destas bacías), a realización de desmontes sen planificación, o uso de balsas de auga ilegais, a extracción de auga fluvial para regadíos, a desaparición de biodiversidade, a eutrofización de regatos.

Os postos de traballo que crean son practicamente nulos, a maioría son temporais en condicións tan precarias e tan mal pagos que teñen que vir do estranxeiro porque os de aquí non están dispostos a someterse ás condicións de escravitude propias do sector.

Os propios veciños que propiciaron a creación da Sub-zona de albariño, levan anos advertindo a todo o que queira escoitar que se vai cara un modelo equivocado: están a converterse en produtores de uva para o Rosal en vez de produtores de viño que é o que historicamente houbo. A obsesión do concello e en particular dalgún concelleiro, é a de impulsar este tipo de explotacións, en detrimento das explotacións de autor. A responsabilidade do que veña por diante é do PP, exclusivamente.

Sabe que non van aprobar esta moción e se o fan non van facer nada a posteriori para evitar este tipo de explotacións ou cando menos que teñan un estudo de impacto ambiental para que fagan as cousas exactamente igual que se lles esixe a calquera veciño.

Aprobarán unha emenda o mesmo mes que aprobaron unha licenza para un movemento de terras de cinco hectáreas para un viñado en extensivo, no que se afirma que unicamente van mover terras cunha profundidade de 40 cm. e no segundo o grupo de goberno vai afectar a un espazo de especial protección forestal recollido no PXOM.

Solicita que revisen os expedientes que aproban, impidan as licencias de movementos de terras fraudulentas, denunciem ante as autoridades os fraudes de lei nos cambios de uso de terreo forestal, paralicen movementos de terras cando afecten a terreos forestais protexidos, impidan o tránsito de maquinaria pesada polas pistas.

O Sr. Costa, do PP, preguntalle quen é ese concelleiro que dixo anteriormente o voceiro do BNG.

Este contesta que llo oíu en varias ocasións ao Sr. Vázquez e mesmo ao Sr. Costa, algunhas en conversas privadas con el.

Intervén de novo o Sr. Costa, para dicir que cando o BNG presentou esta moción, na véspera do pleno anterior, acordouse traela a este pleno para ter tempo a estudala e poder ter un debate razoado e razoable sobre o estado da cuestión sobre as novas plantacións de viñado na DO e sobre o seu futuro, e para ter este tipo de debate convén ter datos concretos e considerar de





forma sosegada o asunto. Pensa que non se debe partir de maximizar todas as posturas, porque iso non é bo, nin axuda a adoptar unha boa decisión.

Dicir que estes novos cultivos de viñedo só traen cousas boas ou cousas malas, non é certo, en todo sempre hai aspectos positivos e negativos.

O seu grupo cre que se se fan as cousas ben, pode ser unha oportunidade, para todo o noso territorio. E dende o goberno municipal, van traballar para iso, para que sexa unha oportunidade para Vedra e para os veciños e non un problema.

Esta recente creada plataforma en defensa do Val da Ulla, só é algunha xente, curiosamente a maior parte dela doutros concellos que non son Vedra, que terán unha problemática particular, pero non podemos admitir que se arroguen a vontade de toda a cidadanía do Val da Ulla.

Se ben, pensa que todos coinciden en que neste tema que os ocupa buscan acertar nas decisións que tomen para beneficiar á veciñanza e o desenvolvemento futuro do concello. Pero considera que deben falar con datos obxectivos, sobre a realidade do concello.

No texto da moción fanse algunhas afirmacións que considera, como mínimo cuestionables, no que se refire a Vedra.

Dicir que está a supoñer a tala de grandes masas de bosques autóctonos, e a eliminación de terras agrarias reducindo a súa dispoñibilidade para as explotacións agrogandeiras, así como o aumento do consumo de auga para o regadío destes cultivos, e cando menos cuestionable polos datos, porque en Vedra a masa forestal segundo catastro (eucaliptos, piñeiros, froiteiras, castaños, carballos e árbores de ribeira) suman 2.153 has (o 41% do territorio). Os terreos agropecuarios, 2.117 has (o 40% do territorio). No mes de decembro de 2023, segundo datos oficiais da DO Rías Baixas), a día de hoxe hai, 208 has ,non chega ao 4% do territorio, de viñedo.

Polo tanto, quedan aínda 10 veces máis de terreos agrícolas, moita terra para o que queira promover outros cultivos e hai tamén 10 veces máis de masas forestais.

Desas 208 has, cando menos a metade, xa estaban plantadas de antes.

Quere deixar claro que non está de acordo en eliminar carballeiras ou bosques de ribeira, etc (que si pasou noutros concellos), en Vedra a transformación de monte a labradío foi fundamentalmente de eucaliptais.

En canto ao tema da auga, tamén lle parece importante sinalar que xa varias das plantacións están instalando o rego por goteo (máis eficiente, eficaz e sostible).

En canto aos fitosanitarios, tema capital tamén neste asunto, permítalle facer tamén varias reflexións.

A primeira, que aquí lévase moitos anos con cultivos de millo, patacas, viñedos, etc. Moita xente botando fitosanitarios, herbicidas, etc, durante moitos anos (algúns con máis coñecemento e outros con menos) e ata o de agora non era un problema do aire, do chan ou da auga. Se hai 208 has de viñedos, pregunta se hai 100 has novas, só contaminan as novas.

Por iso ten claro que aquí o que hai que exixir é o cumprimento escrupuloso da lei que establece que debe reducirse nun 50% a aplicación de fitosanitarios para o 2030. En apenas 6 anos débese aplicar a metade dos fitosanitarios en virtude do Pacto Verde Europeo, e a uns cultivos e tratamentos máis ecolóxicos e sostibles.



Aquí é onde se debe incidir, sendo o sector vitivinícola fundamental para o desenvolvemento económico, social e medioambiental da zona.

Por outra banda, dicir que estamos ante un modelo de produción do que se van beneficiar exclusivamente as grandes bodegas e que está moi lonxe do modelo agrario presente na zona que combina viñedos, con bosque e con pastos e terreos para forraxe, moito máis sostible, menos contaminante, xerador de riqueza na zona e fixador de poboación é demagogia e populismo, poñer unha venda nos ollos para non ver a realidade.

No caso de Vedra hai que recordar que foron os propios veciños de Vedra (moitos, coas súas casas ao lado dos futuros viñedos) quen venderon por propia vontade as fincas concentradas ás adegas, porque non hai relevo xeracional. Se fose certo o que din de que o sistema antigo é xerador de riqueza e fixador de poboación, pregunta por que venden entón. Algo falla nesa ecuación.

Dubida de que, ao principio algún veciño podería non saber para que eran os terreos que vendía, pero logo está seguro de que todos sabían a que se ían dedicar os terreos que lles compraban.

Desde hai unhas décadas houbo importantes cambios a nivel social, laboral e económico que tiveron repercusión no sistema produtivo e laboral das familias de Vedra. Houbo un salto importante do sector primario, todas as casas con vacas, policultivo (praderías, horta, viñedos, forestal...) ao sector terciario, o que sumado aos cambios familiares supón unha falta de substitución xeracional.

Dende o concello tratan de apoiar e impulsar aos nosos adegueiros, favorecer o emprendemento e poñer en valor o seu produto e con elo esta zona.

Por iso, o grupo de goberno si cre que isto pode garantir o futuro das terras do concello xerando empregos directos e indirectos. Xa existen proxectos para facer grandes bodegas na zona, e non ter terreos abandonados tanto de labradío como de monte como existen noutras zonas de Galicia. Por iso, se se fai ben, se o fan ben, é unha oportunidade. E o equipo de goberno aí apostar por iso e traballar para que se faga ben.

O que teñen é que estar enriba, esixir o cumprimento da lei. En Vilanova esixiron obras por máis de 400.000 euros para evitar escorrentías, e protexer os recursos hídricos; e por certo, os viñedos de Vilanova recuperaron para os veciños moitas das traídas de auga que estaban abandonadas.

O Seprona abriu varios expedientes, Augas de Galicia tamén interveu en varias ocasións e abriu expedientes, Hai carballeiras que non se permitiron talar, etc.

Por último, fai outras afirmacións duras como as condicións de escravitude que terían os traballadores. Di que se ten probas diso debe poñelo en coñecemento das autoridades competentes en materia laboral.

Gustaríalle aprobar unha proposta de consenso entre todos os grupos, xa que ao final buscan a mellor decisión neste tema, como xa dixo ao comezo da intervención, considera que están todos de acordo. De non ser posible, o grupo de goberno presentará a súa emenda e votará en consecuencia.

Pola Presidencia dáse conta dunha proposta alternativa en termos semellantes á presentada polo BNG.



Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que comparten a idea da relevancia deste tema para o concello e pregunta que estratexias e medios ao seu alcance ten o concello de Vedra para facer que sexa de forma ordenada. En certos temas ten potestade o concello, pero noutros non está nas súas mans.

Prefire que na emenda en vez de “trasladar á Xunta de Galicia” inclúan “instar á Xunta de Galicia”, xa que é a administración a quen lle corresponde autorizar os cambios de uso de forestal a agrario, e que cando os autoricen que teñan en conta onde están as parcelas e non poidan facelo aos poucos.

Tamén lle gustaría que instaran á Xunta de Galicia a que cando autorice un cambio deste uso, llo comunique ao concello en tempo e forma. O concello unha vez feitos eses cambios debe facer un rigoroso estudo e seguimento para que se poida garantir o respecto pola contorna e non acontezan situacións como as que se viviron en Vilanova.

O Sr. González, do PSdeG-PSOE, di que non é comparable o sulfato do millo, unha vez ao ano, co sulfato dos viñedos, mínimo 2 ou 3 veces á semana. Ademais os gandeiros fan unha rotación de cultivos que non se dá no caso das viñas.

Intervén o Sr. Pose, do BNG, dicindo que despois de todo o que dixo o voceiro do PP, o máis increíble é que concederan este mes licenza para movementos de terra en cinco hectáreas que segundo o PXOM afecta a un espazo de especial protección forestal. Teñen un SIX, que votaron a favor pero que non usan, o cal sería moi útil para casos como este.

A Presidencia di que o que se aproba é en base a informes técnicos e polo tanto cumpre a legalidade. A denominación do solo forestal en Vedra é solo rústico de protección forestal.

Replica o voceiro do BNG que o problema dos informes pola vía abreviada é que hai un fraude de lei que permite a propia lexislación do solo.

O Sr. Costa, do PP, di que ao mellor non se explicou ben respecto ao sulfato doutros cultivos. Non quixo comparar cos gandeiros, só os mencionou como outros colectivos cando se xeneraliza. Está de acordo co que dixo dona Begoña González. Os cambios de cultivo autorízaos quen os ten que autorizar e o concello non ten que velar por iso porque non é competencia súa.

Presenta a proposta do PP coas achegas do PSdeG-PSOE, que queda do seguinte xeito: “O pleno do concello de Vedra acorda en relación ás novas plantacións de viñedos que estas se fagan de maneira ordenada, cumprindo estritamente a legalidade respectando a contorna.

Igualmente, acordan instar á Xunta de Galicia, administración a quen corresponde autorizar os cambios de uso de forestal a agrario, a que cando autorice os mesmo, e conforme as distintas normas sectoriais aplicables, se garanta que se respecten as masas de bosques autóctonos e tradicionais (carballeiras, soutos, etcétera) e así mesmo se establezan medidas para a protección das contornas dos núcleos rurais, vivendas, das explotacións agrarias ecolóxicas e sostibles, as brañas, e zonas de ribeira dos cursos fluviais, e que dito cambio lle sexa comunicado ao concello.

Así mesmo, adquirir o concello o compromiso de que, unha vez comunicado por parte da Xunta o cambio de uso, supervisar o correcto cumprimento do mesmo”.

A Presidencia di que por un lado hai unha proposta de acordos que propón o BNG conforme á súa moción, e por outro lado unha proposta de acordos feita polo PP coas achegas do PSdeG-PSOE.

Posta a votación, apróbase a emenda de substitución do acordo presentada polo PP e coas achegas do PSdeG-PSOE, con dez votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e tres en contra do BNG.



**5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao abastecemento en Bazar, a Presidencia di que van estudar que casas son, as distancias e as posibilidades que hai para facelo.

2º.- Sobre o vehículo do Sr. Vázquez, di que supón que se refire ao coche que usa habitualmente. É un vehículo municipal ao servizo do persoal do concello de Vedra para calquera departamento que o precise (Protección Civil, urbanismo, etcétera)

3º.- Respecto ás melloras de camiños en Teo e San Xián, imaxina que pregunta polas noticias de prensa que saíron no seu momento polas melloras na estrada da Deputación. Antes das eleccións municipais o BNG estivo alí representado, xunto cun deputado dese partido, así como tamén o PSdeG-PSOE, e os técnicos determinaron certas actuacións e a Deputación comprometeuse a facelas.

4º.- Sobre canto tempo estivo fóra o Alcalde e cales foron os concelleiros que o substituíron, a Presidencia di que as delegacións posteriores ás eleccións municipais foron as seguintes: do 31 de maio ao 4 de xuño (incluído fin de semana) estivo de vacacións e foi substituído polo Sr. Vázquez. Do 11 de outubro ao 15 de outubro (5 días, só 2 laborables) foi por vacacións e substituíuno o Sr. Costa. Do 9 de novembro ao 13 de novembro, incluído fin de semana, estivo en Eslovenia co proxecto internacional que capitanea Vedra. Foi substituído polo Sr. Vázquez.

5º.- Respecto á licenza número 3 de taxe, a Presidencia di que o 06/09/2023 o titular da licenza solicita facer unha transmisión da mesma en favor da súa dona. O 08/09/2023 requírese a documentación esixida pola Lei 4/2013. O 11/09/2023 reciben o requirimento o titular da licenza e a súa dona. O 26/09/2023 solicitan a anulación do expediente para a transmisión da licenza. O 04/10/2023 o titular presenta a renuncia expresa da licenza de taxi nº 3. O 05/10/2023 trasládase á Consellería de Mobilidade a renuncia para que tomen coñecemento da mesma. Agora o concello ten que sacar de novo o procedemento, tanto para a praza vacante como para a de discapacidade.

6º.- Respecto ao tema dos PAI, di que chegou esa comunicación igual ca outros anos. Todos saben cal foi a orixe dos PAI, nun momento de restricións, eses remanentes que había na Deputación, que ao fin e ao cabo pertencen aos concellos, buscaron unha maneira legal de que puideran chegar aos concellos. Había o acordo político dos 3 partidos para que no seu momento se atope unha saída e que os concellos non teñan que devolver eses cartos.

Igual que chegou a comunicación, como outros anos, seguro que chegará unha comunicación posterior na que seguen aumentando os anos de carencia. Agora tiñan que comezar no 2025 ata o 2036. Ao longo do ano seguro que chegarán outras comunicacións dando máis anos de carencia. Cónstalle que os partidos están falando para poder arranxar este tema que afecta a case todos os concellos, de forma definitiva. Están buscando a fórmula para non prexudicar a ningún concello.

Un dos obxectivos que ten nestes dous anos de deputado é intentar impulsar que se chegue a ese acordo.

7º.- Sobre as comunidades enerxéticas, di que o concello vai da man da FEGAMP. Forman parte, xunto con outros concellos de Galicia, dun proxecto para construír unha comunidade enerxética local que se chamaría CelGalicia.

A intención no primeiro trimestre de 2024 é traer a pleno o acordo para cesión de cubertas a título gratuito en favor da comunidade e o acordo de autoconsumo en favor da comunidade.



Por parte da FEGAMP xa se fixo unha asesoría técnica. O concello enviou unha proposta de 19 cubertas, que ao final quedáronse con 6, que son a Casa das artes en San Fins, o colexio de Ortigueira, Casa cultural de Sarandón e San Xián, a biblioteca e a Casa da terceira idade.

Aínda que sexa unha cuestión que promova o concello con edificios de titularidade municipal, a idea final é que os veciños que se poidan ver beneficiados poidan facerse socios desta comunidade. Está dentro dun proxecto de comunidades enerxéticas con fondos europeos denominado EC4 rural.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á praza de monitora de tempo libre, di que se estableceu un procedemento de oposición con presentación de ofertas na oficina de emprego correspondente para demandantes ou mellora de emprego inscritos nas oficinas de emprego. Basicamente para cumprir cos requisitos de presentación previa oferta de emprego no servizo público de emprego de Galicia para o suposto de imputación da contratación a posibles subvencións doutras entidades públicas.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o parque infantil de San Xián, di que a idea é convocar de forma inmediata á asociación de veciños e aos responsables do colexio para definir o uso e a distribución dos espazos e facer o primeiro proxecto dese parque.

2º.- Respecto ás necesidades en San Xián, di que o grupo de goberno é consciente delas. A pista de Novais é das que van reparar coa brigada de obras municipais. En canto ás marquesiñas, hai un cambio de situación das mesmas, xa que se van poñer dúas en Laraño. Tamén son conscientes das reparacións que precisa a pista polideportiva.

### **8º.- Rogos e preguntas.**

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita o proxecto básico e documentación do centro de día.

2º.- Solicita a humanización das vías que pasan por Vedra á Deputación e que usen para iso a moción aprobada por unanimidade no seu momento.

3º.- Respecto ao vehículo municipal, di que esa pregunta xurdiu a proposta dun veciño. Cre que teñen un problema cando hai veciños que pensan que o vehículo é propiedade do concelleiro.

4º.- Sobre as comunidades enerxéticas, di que se a moción está correcta e é coherente, terán o apoio do BNG. É unha pena que non desenvolvesen nos últimos 10 anos as propostas do BNG sobre sostibilidade enerxética municipal. Agora mesmo terían unha baza excelente cunha futura comunidade enerxética.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Respecto á explicación que deu o Alcalde sobre as ausencias e viaxes, non dixo cando vai a Madrid ou á Coruña á Deputación. Interésalle coñecer cantos días son.

2º.- Pregunta que van facer no arquivo, xa que hai unha partida de 3.000 € nos orzamentos municipais. Os arquivos municipais, ademais de custodia e tratamento de documentación, teñen unha parte de divulgación importante que non se traballa neste concello. Hai documentación moi interesante coa que estaría ben facer un traballo con ela e divulgala.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



3º.- Solicita que cando se fagan obras en viñedos se lle recorde ás empresas que teñen que limpar as vías públicas. En Illobre hai unha vía na actualidade bastante complicada de transitar debido á lama que ten.

4º.- Agora hai unha liña de autobús antes das 8:00 a Santiago e a última hora da noite grazas ao persoal sanitario de Silleda e Lalín, que fai o percorrido pola estrada nacional e os veciños do interior do concello perden esa opción. Solicita que se consiga para o resto do concello.

5º.- No boletín e na web municipal non aparecen as novas taxas que se aprobaron en pleno. Solicita que se publiquen.

6º.- Pregunta cantas actuacións culturais se fan directamente dende o concello. No boletín hai unha parte das que se fan por parte das asociacións e outra parte de “Nadal en Vedra”. Dentro desa parte a maioría das actuacións son feitas pola ANPA, coral, asociacións, etcétera. O concello debe facer un traballo cultural que está deixando de lado.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta minutos.